

Anexo I

DENOMINACIÓN ENTIDADE Escola Infantil Municipal As Lagoas

TITULAR: Concello de Mugardos

DENOMINACIÓN CENTRO: Escola Infantil Municipal As Lagoas

Nº. RUEPSS: E- 840 C- 1

CENTRO DE INICIATIVA: Pública

XESTIÓN DO CENTRO: Indirecta

A) PRAZO

a) O **prazo para solicitar a reserva de praza de novo ingreso** é do **24 de febreiro ao 31 de marzo**. **Fora do prazo estipulado e sempre que haxa vacantes aceptaranse as solicitudes por orde de rexistro.**

b) O **prazo para solicitar a renovación de praza** é **1-15 de marzo**

c) O **prazo para a realizar matrícula** é 15 días naturais seguintes á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da lista de espera no taboleiro do concello e na EIM

d) O **prazo para comunicar a baixa** na escola é como mínimo 5 días hábiles antes do inicio do mes no que se executa a baixa.

A) HORARIOS :

e) **HORARIOS** (estableceranse un calendario e horarios específicos ao inicio de cada curso e expoñeranse no taboleiro de anuncios):

- de apertura centro **7:30 h** de peche centro **16:00 h**
- do servizo de comedor e servizo de cociña (**almorzo** ata as **9:00 h**; **xantar 12:30-14:00h.**;
- de atención ás familias (establecerase cada curso e será exposto no taboleiro de anuncios do centro)

f) Prazo para o **pago** dos servizos prestados: **10 primeiros días do mes**

g) **Tipos de xornadas:** **Completa** (ata 8 horas); **media** (entre 3 e 4 horas)

h) Descripción da metodoloxía/fórmula de revisión de prezos: Os prezos revisaranse e actualizaranse polo órgano municipal competente unha vez os actualice a Xunta de Galicia mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia, do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia.

I) Baremo de admisión:

A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar debidamente acreditados e se terán en conta os seguintes criterios de prioridade na adxudicación das prazas:

1º Obterán praza, aqueles/as nenos/as de unidades familiares empadroadas no Concello de Mugardos.

2º De existiren prazas vacantes poderán acceder fillas /os de persoas que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo nunha empresa con sede social ou órgano de administración



Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal As Lagoas (0-3 anos). Mugardos

que radique no concello de Mugardos. Esta situación deberá acreditarse co certificado da empresa ou da institución correspondente.

3º Sempre que haxa prazas vacantes poderán acceder tamén persoas de concellos limítrofes.

En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa, e as de atención con servizo de comedor.

Situación	Indicador	Puntos
1. Socio-familiar	1.1. Por cada membro da unidade familiar* incluído o/a neno/a solicitante.	2
	1.2. Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo dela.	1
	1.3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a praza nacese dun parto múltiple:	1
	1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade física, psíquica ou sensorial, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia.	2
	1.5. Pola condición de familia monoparental	3
	1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais.	6
	1.7. Por irmán/a, áns/ás con praza renovada na EIM para o que se solicita praza.	3
	1.6. Pola condición de familia numerosa	5
	1.7. Calquera circunstancia familiar grave debidamente acreditada	0-3
2. Situación laboral familiar	2.1. Situación laboral de ocupación*	
	Nai	3
	Pai	3
	2.2. Situación laboral de desemprego* (1)	
	Nai	2
	Pai	2
	(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes.	
3. Situación económica	* No caso das familias monoparentais adxudicárselles a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous.	
	RPC mensual da unidade familiar referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:	



Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal As Lagoas (0-3 anos). Mugardos

	3.1. Inferior ao 25% do IPREM	+4
	3.2. Entre o 25% e o 50% do IPREM	+3
	3.3. Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM	+2
	3.4. Entre o 75% e o 100% do IPREM	+1
	3.5. Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM	-1
	3.6. Entre o 125 % e o 150% do IPREM	-2
	3.7. Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM	-3
	3.8. Igual ou superior ao 200% do IPREM	-4

*Enténdese por unidade familiar a formada polo pai e/ou nai ou titor/a e fillos e fillas menores de dezaoito anos ou fillos/as maiores de dezaoito anos con discapacidade superior ao 33% ou incapacitados/as xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

O persoal técnico realizará a baremación das solicitudes e efectuará a proposta inicial de persoas admitidas e de agarda á Alcaldía ou Concellería delegada.

A relación provisional publicarase na páxina web e nos taboleiros do Concello e EIM. Abrirase un prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da Resolución das listaxes provisionais para a presentación das reclamacións na escola para a que se demande a praza. As reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da listaxe definitiva.

J) Procedemento de ingreso:

Logo da aplicación do Baremo, as prazas adxudicaranse por esta orde:

1º- Reserva de praza ordinaria: Gozan de preferencia para a adxudicación de solicitudes de praza de nenos/as matriculados/as no curso anterior sempre que cumpran os requisitos.

2º- Reserva de praza para fillas/os do persoal que preste servizo na escola infantil municipal As Lagoas 0-3, estes Terán preferencia na adxudicación de vacantes existentes para o centro onde prestan servizo a nai, pai, titora ou titor legal sobre os/as solicitantes de novo ingreso.

3º- Nenos e nenas que teñan un irmán ou irmá no centro con praza renovada para o curso 25/26.

4º- Nenos ou nenas cuxos proxenitores, titores/as ou representantes legais (os dous, o un no caso de familias monoparentais) estean traballando. O requisito de estar traballando será comprobado pola escola infantil de forma que quede suficientemente acreditado (contrato de traballo, nómina, vida laboral, certificado de empresa,...).

5º- Novo ingreso: Unha vez adxudicadas as prazas correspondentes ás reservas de praza, as prazas vacantes adxudicánselles aos solicitantes de novo ingreso segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo.

